

**CARBALLO
2022**

**XANEIRO
FEBREIRO
MARZO
ABRIL
MAIO**



**#CULTURA
CON FORZA**


Organiza:



**CONCELLARÍA
DE CULTURA**



Colaboran:





#CULTURA
CON FORZA

SI, AO TEATRO, Á
MÚSICA, Á DANZA, AO
CINE, ÁS ARTES
PLÁSTICAS...

SI, #CULTURACONFORZA
CULTURA PARA TODOS
E TODAS.

Unha ampla oferta cultural que se desenvolverá entre os meses de febreiro a maio no Pazo da Cultura. Unha programación cultural diversa e de calidade na que o teatro e a danza serán os protagonistas, pero na que tamén hai lugar para o cine, a música, as exposicións,...

#CulturaConForza arranca coa quinta edición do Ciclo Amal dando paso aos Venres Culturais, onde gozaremos das últimas producións teatrais galegas ademais de contar con referentes de ámbito nacional e desfrutaremos da música folk e o teatro familiar.

No mes de abril regresará un dos escasos ciclos estables de danza contemporánea en Galicia, o festival Primavera en Danza, que chega á súa XX edición, con espectáculos de compañías de danza contemporánea galegas e de propostas moi significativas a nivel nacional.

Agardámosvos no patio de butacas.



AMAL EN RUTA

MOSTRA DE CINE
EUROÁRABE

O ciclo Amal realizará a súa quinta edición en Carballo durante o mes de febreiro cunha selección de cinco longametraxes (tres ficcións e dous documentais) que supoñen un percorrido polo mellor cine árabe de actualidade.

Está organizado pola Concellaría de Cultura do Concello de Carballo e a Fundación Araganey-Puente de Culturas, unha entidade que pretende o achegamento cultural entre o mundo árabe e o noso país, para facilitar o entendemento e respecto mutuo.

As proxeccións realizaranse no auditorio do Pazo da Cultura e na Biblioteca Rego da Balsa con acceso gratuito ata completar aforo.

03 FEB xoves > 20.30 h



GODS OF MOLENBEEK

Molenbeek, en Bruxelas, ten fama de ser un dos epicentros do

xihadismo europeo, pero para Aatos e Amine, é simplemente o seu fogar. Xuntos buscan respostas ás grandes preguntas da vida, pero a brutalidade do mundo adulto irrompe cando detonan unha bomba no barrio.

Longametraxe documental | Reetta Huhtanen | 2019 |
Finlandia, Bélxica, Alemaña | 73 min

Lugar: Biblioteca Rego da Balsa.

04 FEB venres > 20.30 h 200 METERS



200 metros é a distancia que hai entre dúas localidades palestinas divididas polo muro israelí, que separa a Mustafa da muller e os fillos. Distancia que parece insalvable ata que recibe a noticia de que o seu fillo está no hospital.

Longametraxe ficción | Ameen Nayfeh | 2020 | Palestina, Xordania, Italia, Qatar, Suecia | 93 min. Lugar: Pazo da Cultura.

10 FEB xoves > 20.30 h THE REPORTS ON SARAH AND SALEEM



Sarah, unha muller israelita que dirixe un café, e Saleem, un repartidor palestino, manteñen unha relación fóra dos seus matrimonios. As súas parellas decátanse dos enganos despois de que pelexasen en público, o que sitúa a Saleem no punto de mira das forzas de seguridade de Israel.

Longametraxe ficción | Muayad Alayan | 2018 | Palestina, Alemaña, Países Baixos, México | 127 min. Lugar: Biblioteca Rego da Balsa.

17 FEB xoves > 20.30 h THE RETURN: LIFE AFTER ISIS



Shamina e Hoda saltaron aos titulares cando, sendo adolescentes, decidiron abandonar os seus países para unirse ao ISIS. Despois de comprobar en primeira persoa as condicións do autoproclamado Estado Islámico, tratan de pasar páxina e refacer as súas vidas.

Longametraxe documental | Alba Sotorra | 2021 | España, Reino Unido | 90 min. Lugar: Biblioteca Rego da Balsa.

18 FEB venres > 20.30 h GAZA MON AMUR



Gaza na actualidade. Issa, un mariñeiro de setenta anos, está namorado de Siham, unha muller que traballa no mercado. Cando descobre unha antiga estatua entre os seus aparellos de pesca, agóchaa sen saber que este descubrimento cambiará a súa vida. Mentres, a súa confianza aumenta e decide achegarse a Siham.

Longametraxe de ficción | Tarzan Nasser | 2020 | Francia, Alemaña, Portugal, Palestina, Qatar | 87 min. Lugar: Pazo da Cultura.

> TEATRO



11 FEB venres > 21.00 h

INCENDIARIA e A QUINTA DO CUADRANTE

A lúa vai encuberta

Obra arredor da realidade galega e da loita incesante por conformar unha identidade propia, confrontándonos co noso pasado recente e as súas contradicións. Unha proposta de teatro documental cunha posta en escena divertida e emocionante.

Con esta proposta as compañías Incendiaria e A Quinta do Cuadrante gañaron o Premio do II Certame Manuel María de proxectos teatrais.

Autoría: Manuel María. **Dramaturxia:** Vanesa Sotelo
Intérpretes: Davide González, Melania Cruz, Vanesa Sotelo e Tito Asorey. **Escenografía e vestuario:** Carlos Alonso
Espazo sonoro e música orixinal: Davide González.
Deseño iluminación: Laura Iturralde. **Axudante dirección:** Sara Rey. **Dirección:** Tito Asorey.

Duración: 1 h 15 min / **Público:** A partir de 13 anos

Prezo da entrada: 4 € / 3 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



13 FEB domingo > 18.00 h

TEATRO PARAÍSO (Vitoria Gasteiz)

Úniko

Paul é fillo único e o rei da casa. O nacemento da súa irmá Irati provocará que o medo a deixar de ser querido se apodere do ameazando a estabilidade familiar. Mesturando as técnicas dos monicreques e do teatro exprésannos o inquietante medo dos celos, aínda sen perder nunca o sentido do humor. Tanto nenos como adultos atoparán situacións e personaxes nos que sentirse recoñecidos reflexionando acerca da convivencia, a educación, a autoestima ou o apego.

Teatro Paraíso desenvolve unha intensa labor dende fai máis de corenta anos na realización de espectáculos para público familiar acadando múltiples recoñecementos. Con esta obra acadaron o Premio FETEN a mellor interpretación e foi finalista aos Premios Max ao Mellor espectáculo para público familiar.

Intérpretes: Maite Bayón, Tomás Fdez. Alonso e Maitane Goñi. **Escenografía e vestuario:** Ikerne Giménez. **Deseño iluminación:** David Alkorta. **Composición Musical:** Bingen Mendizabal. **Axudante dirección:** Aitor de Kintana
Dramaturxia e Dirección: Iñaki Rikarte.

Duración: 1 h / **Público:** A partir de 6 anos

Prezo da entrada: 4 € / 3 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



04 MAR venres > 21.00 h

PÉREZ & FERNÁNDEZ en coprodución co CDG

Os nenos da variola

A Real Expedición Filantrópica da Vacina parte dende o porto da Coruña. Vinte e dous nenos procedentes de orfanatos conforman unha cadea humana "brazo a brazo" para facer chegar a vacina contra a variola aos territorios de ultramar nunha das maiores xestas médicas levadas a cabo na historia da humanidade.

Peza teatral con altas doses de realidade histórica, tenrura e humor que toma como eixe central a vida dos nenos, os heroes da expedición e a súa heroína máis esquecida, a reitora da Casa dos Expósitos: Isabel Zendal. Pérez&Fernández é unha compañía de teatro que en moi poucos anos está a consolidarse dentro do panorama teatral galego. Con esta obra recibiu o Premio María Casares 2021.

Autor: María Solar. **Intérpretes:** Manu Fernández, Victoria Pérez, Xosé Leis e Isabel Risco. **Escenografía e deseño de iluminación:** Montse Piñeiro e José Manuel Faro. **Deseño de son:** Manu Fernández. **Ambientación musical:** Xabier Romero. **Vestuario:** Mar Fraga. **Dirección:** Xosé Leis e Victoria Pérez.

Duración: 1 h / **Público:** A partir de 12 anos

Prezo da entrada: 4 € / 3 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



11 MAR venres > 21.00 h

CALDO

Caldo

Concerto de folk fusión a cargo do trío vigués Caldo. Melodías tradicionais galegas integradas en novos contextos sonoros, xunto a pezas propias tinguidas das músicas europeas e atlánticas.

Creado con agarimo, *Caldo* resulta un prato musical delicioso, formado por ingredientes cunha fusión natural que vai directa ao público, apostando pola composición de temas propios e a revisión do repertorio tradicional galego, poñendo o foco na aldea de Moscoso (Pontevedra) como fío condutor do álbum. Directo que desprende en esencia a enerxía dunha das grandes revelacións do panorama musical galego, o que os levou a recibir o "Premio Martín Códax da Música" na categoría de Folk e o 1º premio no Concurso Fran Pérez "Narf" da Deputación da Coruña.

Intérpretes: María Jorge (violín), Anaís Barbier (voz e pandeireta) e Pedro Fariñas (guitarra).

Duración: 1 h 10 min

Prezo da entrada: 3 € / 2 €

Deputación da Coruña



17 MAR xoves > 21.00 h

ATALAYA TEATRO (Sevilla)

Celestina, la tragicomedia

Unha das obras cumes da literatura dramática castelá pero cunha temática e boa parte da súa estrutura que resultan rabiosamente actuais. A iso engadímoslle a modernidade dunha Melibea rebelde, insubmisma e lúcida, dona do seu propio destino. Figura que nada ten que ver coa que se nos mostrou durante séculos e que forma parte da galería de personaxes femininos inesquecibles da literatura castelá.

Camiño de tres décadas de existencia, Atalaya é un referente inequívoco do teatro en España. En 2008 obtivo o Premio Nacional de Teatro e coa *Celestina, la tragicomedia* obtivo un gran éxito dende a súa estrea, participando nun sen fin de festivais nacionais e internacionais.

Autor: Fernando de Rojas. **Intérpretes:** Carmen Gallardo, Lidia Mauduit, Raúl Vera, Jerónimo Arenal, Silvia Garzón, Manuel Asensio e María Sanz. **Espacio escénico:** Ricardo Iniesta. **Música:** Luis Navarro e temas populares. **Coros e voces:** Esperanza Abad. **Axudante de dirección:** Sario Téllez. **Dirección e adaptación:** Ricardo Iniesta.

Duración: 1 h 45 min

Público: A partir de 14 anos

Prezo da entrada: 4 € / 3 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



20 MAR domingo > 18.00 h

PEDRAS DE CARTÓN

Quixote

Espectáculo para achegar os clásicos a toda a familia. Proposta chea de humor e case sen palabras, na que Don Quixote viaxa polas terras de Castela no seu velocípede, acompañado do fiel Sancho e un triciclo cargado de maletas. Cunha estética inspirada no pallaso clásico e en clave de clown, traballan as escenas máis icónicas da novela, e a relación antagónica entre Quixote e o seu fiel escudeiro Sancho.

Pedras de Cartón nace coa intención de crear espectáculos de teatro clásico adaptándoos a novas linguaxes e estéticas para resultar atractivas para o público máis novo. Premio Barroco Infantil no Festival de Teatro Clásico de Almagro.

Dramaturxia: Juan Rodríguez. **Dirección:** Laura Sarasola. **Intérpretes:** Juan Rodríguez e Pablo Sánchez. **Deseño de luz:** Dani Pais. **Banda sonora orixinal:** Davide González. **Vestuario:** Diego Valeiras. **Atrezzo:** Pedras de cartón e Tigre de papel.

Duración: 55 min / **Público:** A partir de 4 anos

Prezo da entrada: 3 € / 2 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



25 MAR venres > 21.00 h

REDRUM TEATRO

Un home con lentes de pasta

Sheyla é abandonada pola súa parella. Laura e Fer quéréna animar para que faga realidade os desexos que aparcara: escribir. Traerán a cear a Guillermo, o poeta capaz de namorar a calquera. Pero a Guillermo non lle van satisfacer as conversas banais, desexa algo máis. Sheyla, Laura e Fer son máis fráxiles do que cren, as súas vidas penden dun fío.


Espectáculo xenuíno e divertido cunha segunda capa de profundidade, aforando na exploración do ser humano e nas súas relacións persoais, bebendo de fontes moi diversas á hora de retratar as relacións e o efecto das aparencias e o narcisismo. Redrum Teatro tráenos esta comedia surrealista escrita por Jordi Casanovas. Unha montaxe que aborda, con grandes doses de humor, a conduta tan de actualidade "do parecer antes do ser".

Texto: Jordi Casanovas. **Intérpretes:** Guillermo Carbajo, Sheyla Fariña, Laura Míguez e Fernando González.
Deseño de iluminación: Carlos Álvarez-Ossorio.
Escenografía: Redrum Teatro. **Música e espazo sonoro:** Davide González. **Dirección e tradución:** Alex Sampayo.

Duración: 75 min / **Público:** A partir de 13 anos

Prezo da entrada: 4 € / 3 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



27 MAR domingo > 20.30 h

CONDETRESPÉS en coprodución co CDG

Rastros

Santiago de Compostela. Finais do século XX. Esther, a punto de cumprir os 40 anos, agoniza no hospital. Tres homes, seguramente os máis importantes da súa vida, relembra os momentos que compartiron con ela. Iago, Moncho e Xan non están no mesmo espazo, están na cabeza dela a punto de marchar. A viaxe dos recordos é un punto de encontro duns amigos que compartiron case todo, agás evolucionar.

Este ano cumprense 20 anos da morte do dramaturgo e director Roberto Vidal Bolaño e case 25 da estrea orixinal de *Rastros*. Cunha estética de hoxe, pero sen perverter as esenciais da súa poética orixinal, a compañía Condetrespés aborda esta peza que fala ao mesmo tempo do noso pasado, e tamén dunha forma universal dos vínculos humanos.

Texto: Roberto Vidal Bolaño. **Intérpretes:** Antea Rodríguez, Muriel Pernas, Pablo Carrera e Mateo Franco. **Escenografía:** Diego Valeiras. **Dirección:** Lois Blanco Arauxo.

Duración: 1 h e 40 min / **Público:** Adulto

De balde ata completar aforo

Patrocinada pola Deputación da Coruña

DÍA MUNDIAL DO TEATRO


PRIMAVERA EN DANZA



XX EDICIÓN

DO 22 DE ABRIL AO 8 DE MAIO

Imaxe de
Tristán Pérez Martín



Chega a XX edición de *Primavera en Danza*, unha oportunidade de achegarse á danza contemporánea a través de cinco espectáculos de compañías galegas e foráneas, para adultos q e para público familiar.

Non deixes de gozar desta manifestación artística con gran repercusión nas artes escénicas actuais e cun alto potencial creativo, de innovación e experimentación.

> DANZA



22 ABR venres > 21.00 h

COLECTIVO GLOVO

EM-NA

EM-NA baséase na idea da vibración coma elemento manipulador. É unha investigación sobre a “acústica subcutánea” a través da vibración e do silencio resultante no corpo do outro. A relación entre os intérpretes pasa por diferentes estados: comprimindo, estirando, cambiando o ritmo da súa propia vibración.

A peza busca entretecer a orde, o caos, a pasividade e o eco da mente proxectado no corpo cambiante. Con forte presenza do mundo e espírito xaponés créase unha estética chea de detalles significativos e contundentes.

EM-NA afonda na nosa realidade animal, instintiva e intuitiva.

Creación e interpretación: Esther Latorre e Hugo Pereira.

Deseño de iluminación: Pedro Fresneda.

Espazo sonoro: Lucila Celano.

Vestuario: Jandro Villa.

Duración: 60 min / **Público:** adulto

Prezo da entrada: 3 € / 2 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



23 ABR sábado > 20.30 h

FRAN SIEIRA COMPAÑÍA DE DANZA

DeMente

Peza de baile e música tradicional galega froito dun minucioso traballo de investigación sobre as doenzas mentais. *De Mente* amosa en escena a evolución dos tratamentos, dende os amoreamentos carcerarios ata a externalización dos nosos días, ao tempo que aborda a necesidade de desestigmatizar este tipo de enfermidades e de favorecer a integración das persoas que as padecen. Estas e outras moitas cuestións serán tratadas en escena.

A compañía de Fran Sieira foi creada coa finalidade de por en valor o folclore galego como ferramenta e base sobre a que traballar, estudando o movemento a través da raíz máis pura, empregando o folclore como mecanismo de expresión.

Autoría: Fran Sieira. **Dirección:** Carla Diego Luque.
Elenco: Fran Sieira, Martín Mondragón, Adela Otero, Artur Puga, Aida Tarrío, Daniel Rodríguez, André Adrio e Patricia Sánchez. **Escenografía e vestuario:** Carlos Alonso. **Deseño de iluminación:** Fidel Vázquez. **Deseño son:** Isaac Millán
Música: Cristian Silva.

Duración: 60 min / **Público:** adulto
Prezo da entrada: 5 € / 3,5 €
 Rede Galega de Teatros e Auditorios



30 ABR sábado > 20.30 h

JANET NOVÁS

Mercedes máis eu

Mercedes máis eu é un traballo de colaboración da artista Janet Novás e a compositora Mercedes Peón na que ambas exploran as relacións que existen e se establecen entre a súa danza e a súa música dando lugar a unha viaxe emocional cargada de beleza e creatividade.

Entre instrumentos, records, cancións e bailes afloran conceptos do bagaxe de ambas, algúns deles de gran contido socio-político, outros biográficos ou experiencias cuánticas. O traballo é unha proposta sutil sobre o común sensible, e unha aposta polo facer/ saber artístico.

A coreógrafa, bailarina e performer Janet Novás únese nesta ocasión a unha das compositoras máis carismáticas do noso país, Mercedes Peón.

Autoría: Mercedes Peón e Janet Novás.
Dirección e adaptación: Janet Novás.
Elenco: Janet Novás e Mercedes Peón.
Deseño de iluminación: Cristina Bolívar.
Deseño son: Ezequiel Orol.
Música: Mercedes Peón.

Duración: 1 h 5 min / **Público:** Adulto
Prezo da entrada: 5 € / 3,5 €
 Rede Galega de Teatros e Auditorios



06 MAI venres > 21.00 h

OTRADANZA (Alicante)

Vigor Mortis

¿Quen non se preguntou algunha vez si existe o máis alá?

Vigor Mortis fala de ese outro lado. É unha viaxe traxicómica do ceo ao insondable da alma humana. Seres que flúen e exhalan con desgarro a memoria da vida na morte duradeira, seres que se axitan contra os tremores do destino.

Unha nova e inquietante viaxe da Compañía OtraDanza, viaxe que se atopa entre o pesadelo e a ensoñación. Espectáculo surrealista que une a linguaxe teatral do xesto e o mimo, e a linguaxe da danza, visto dende a plasticidade e a abstracción.

Autoría: Asun Noales.

Dirección: Asun Noales e Rulo Pardo.

Elenco: Asun Noales e Carlos Fernández.

Deseño de iluminación: Juanjo Llorens.

Deseño son: Telemann Rec.

Vestuario: Ana Esteban.

Duración: 55 min / **Público:** Adulto

Prezo da entrada: 5 € / 3,5 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



08 MAI domingo > 18.00 h

DA.TE DANZA (Granada)

Natanam

Cada persoa brilla con luz propia entre tódalas demais. Nesta peza vemos dous amigos que se atopan nunha sala de xogos. Descubren que hai auga, lume, vento e terra ordenados e a súa disposición. Un espazo de xogos pode ser unha praia, un deserto, pode ser o mar. E tamén... cando estamos sós, pode ser moitos mundos. *Natanam* significa danza en sánscrito, e ese é o punto de partida, darlle aos máis pequenos un espazo e un tempo de sensacións a partir da pureza da danza, elemento fundamental para abordar a educación emocional.

Tras máis de 20 anos creando e con 25 espectáculos estreados e dirixidos a público familiar, a compañía DA.TE Danza tráenos *Natanam*, Premio Feten 2021 ao Acercamento da Danza á Primeira Infancia.

Dirección e coreografía: Omar Meza. **Dramaturxía:** Lola Fernández. **Elenco:** Raúl Durán e M^a José Casado.

Deseño de iluminación: Aitor Palomo. **Composición musical:** Jesús Fernández e David Campodarve. **Vestuario:** Laura León.

Duración: 40 min / **Público:** A partir de 2 anos

Prezo da entrada: 4 € / 3 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios

EXPOSICIÓNS

HORARIO DE APERTURA:
de 17.00 h a 21.00 h de luns a venres



DO 9 DE FEBREIRO AO 7 DE MARZO

#CMPL | *(Como Mirar Por Luz)*

Raúl Marín, Diseñador de Comunicación Visual e Xestor Cultural afincado no noso Concello, preséntanos este conxunto de pezas xurdidas do amor de Carballo coa vocación proxectual de conformar un corpus artístico propio, cuxa focalización se basea na investigación e o diálogo coa peza, atendendo a súas lóxicas internas no eido do

expresionismo abstracto figurativo informalista e o matérico-escultórico. Aproveita esta vertente artística para crear sen as restricións ou limitacións propias dos encargos da súa profesión e poñer de relevo a emoción do contexto no que se atopa. Andar -1 do Pazo da Cultura.



DO 9 DE MAR AO 11 DE ABR | 1921-2021. 100 anos da bandeira galega no Palacio Municipal da Coruña

Exposición comisariada por Manel Cráneo e Henrique Torreiro que a través de diversos documentos e co asesoramento de Xosé Alfeirán, crearon a banda deseñada que se amosa no andar 0, debuxada por Alberto Taracido e Rubén Rial, que permite aos visitantes entender o nacemento e a evolución da bandeira galega desde finais do s.XIX ata 1921.

Completando esta proposta, na sala de exposicións do andar -1,

podemos ver una selección de obras realizadas por ilustradores/as, principalmente da plataforma Coruña Gráfica, que ofrecen a súa homenaxe artística do símbolo icónico de xeito desenfadado e actual.

Organiza: Deputación da Coruña e Concello de Carballo. Andar 0 e andar -1 do Pazo da Cultura.



DO 11 DE MARZO AO 11 DE ABRIL

ALBERTO GENDE | *Encher o baleiro*

A exposición con motivo do décimo cabodano de Alberto Gende, na sala do Pazo da Cultura que leva o seu nome, é unha retrospectiva da súa obra ao longo de 25 anos, pero tamén un percorrido por unha vida ligada á beleza do traballo que o converteu nun creador imprescindible para entender a cultura carballesa recente. Gran parte dese material está

recollido no libro que tamén se presenta na inauguración da mostra, na que se exhiben cadros, deseños, fotografías, libros e obxectos persoais que axudan a comprender a figura humana e artística de Alberto.

Colabora no mobiliario e decoración a galería de arte carballesa Manolo Eirín.

Sala de Exposicións Alberto Gende, andar 3º do Pazo da Cultura. Organiza: Concello de Carballo.

OUTRAS PROPOSTAS

TEATRO ESCOLAR

Para alumnos dos IES de Carballo

> 17 FEBREIRO

ISABEL RISCO > *Bravas*

Patrocinado polo Premio Luísa Vilalta da Deputación da Coruña

TALÍA TEATRO > *A parábola do angazo*

Organiza: Concellaría de Mocidade e Normalización Lingüística

CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA DE CARBALLO

> 18 MARZO

Concerto dos alumnos de Grao Profesional e da Orquestra de Cámara.

Entrada libre ata completar aforo.

CONTACONTOS DOS RATOS DE LONXEDETODO

9 e 23 de febreiro, 9 e 23 de marzo, 6 de abril e 18 de maio.

Biblioteca Municipal Rego da Balsa, 17.00 e 18.30 h. Para nenos e nenas entre 4 e 8 anos acompañados por un adulto. Inscripción previa no 981 758 580 desde unha semana antes.

CURRUNCHO POP 2022

29 XANEIRO

> 20.30 h Concerto de Jamie Perrett

05 MARZO

> 19.30 h Presentación do libro *Townes Van Zandt. La eternidad en una canción* de Álvaro Alonso.

> 20.30 h Concerto de Hendrik Roever e Óscar Avendaño

26 MARZO

> 19.30 h *Monográfico sobre a historia do Soul* con Luis Lapuente e David Moreu

> 20.30 h Concerto de Madame Bird + Hugette Periscal

07 MAIO

> 20.30 h *Desnortadas*, recital poético-musical de Rosalía Fernández Rial e María Álvarez Santiago

21 MAIO

> 19:30h. Presentación do libro *Magín Blanco. O camiño da luz* de Carlos Rego

> 20:30h. Concerto de Magín Blanco

04 XUÑO

> 20.30 h Concerto de Diego Vasallo

Biblioteca Municipal Rego da Balsa. Inscripción previa no 981 758 580 desde unha semana antes

IX CARBALLO INTERPLAY

Festival de contidos dixitais

Do 6 ao 9 de abril

Organiza: Concellaría de Promoción Económica e Turismo

E ADEMAIS...

XXIV Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís

Certame de carácter anual organizado pola Concellaría de Cultura e na que colabora a Fundación Luis Calvo Sanz e Interfilm Carballo. Bases en www.carballo.gal

LUGARES E DATAS DE VENDA

VENDA ANTICIPADA: www.ataquilla.com

A compra anticipada de entradas a través de www.ataquilla.com supón gastos de xestión.

VENDA DIRECTA / BILLETEIRA: Venda de entradas o mesmo día da función na billeteira do Pazo da Cultura, desde 90 minutos antes do inicio da actuación

As entradas mercadas no despacho de billetes serán asignadas pola organización. No caso de querer seleccionar unha localidade concreta deberán empregar o sistema de venda anticipada. Non se admiten cambios nin devolucións.

No caso de prezo reducido (estudantes con carné de estudante, maiores de 60 e menores de 18 anos) deberá acreditarse debidamente a circunstancia especial do prezo reducido no acceso ao espectáculo.

PREZO ENTRADAS

Segundo o especificado en cada espectáculo:

PREZO ORDINARIO: 3 €, 4 € e 5 €

PREZO REDUCIDO: 2 €, 3 € e 3,5 €

Esta programación poderá sufrir algunha modificación (novos espectáculos, datas, entradas...) que se comunicará coa máxima antelación posible. Prégase puntualidade. Unha vez comezada a función non se garante o acceso á sala. As entradas non poderán ser cambiadas nin reembolsadas, a excepción da cancelación do espectáculo. No caso de cancelación ou redución de aforos, a devolución realizarase en orde inversa á compra. Non se permite a entrada de comida ou bebida. Resérvase o dereito de admisión. Co ánimo de preservar os dereitos dos artistas e non perturbar o bo desenvolvemento da función, as persoas portadoras de entrada non poderán fotografar, filmar ou gravar o espectáculo sen autorización explícita da organización. Antes de entrar na sala, deben desconectar os seus dispositivos móbiles. A adquisición desta entrada significa a aceptación do Protocolo Covid así como as instrucións da organización.

INFO COVID

A CULTURA É SEGURA. QUEREMOS QUE ASÍ SEXA SEMPRE. POR ISO TEMOS UN PROTOCOLO PARA GARANTIR QUE GOCES COMA NÓS.

1. O uso máscara será obrigatorio.
2. A desinfección de mans tamén será obrigatoria. Se non levas xel no peto, non pasa nada: no Pazo da Cultura atoparás dispensadores de xel hidroalcohólico.
3. A apertura de portas será 15 minutos antes de cada función e tanto o acceso como a saída ao recinto realizarase de xeito graduado mantendo a distancia de seguridade. Lembra seguir en todo momento as indicacións do persoal de sala.
4. Deberase usar só o asento asignado e evitarás moverte dentro do recinto.
5. Por suposto, pola seguridade de todos, se notas síntomas compatibles coa COVID19 queda na casa.
6. Completamos a limpeza do auditorio antes de cada espectáculo. As medidas hixiénicas están contempladas tamén no sistema de ventilación, optimizado para esta nova situación.
7. O aforo e a distribución de butacas está suxeito ás medidas sanitarias. Adaptarémonos e comunicaremos posibles cambios.
8. Nos eventos de acceso gratuito a organización asignará as butacas por orde de chegada ao espazo ata completar aforo.

Pazo da Cultura

Rúa do Pan s/n | 15100 Carballo

Coordenadas GPS: Latitude 43.211702

Lonxitude -8.695394

Tfno.: 981 704 300

cultura@carballo.gal | www.carballo.gal






03 A 18 FEBREIRO
Ciclo Amal en ruta



09 FEB A 04 MAR
Expo #CMPL



11 FEBREIRO
Incendiaría e a Quinta...



13 FEBREIRO
Teatro Paraíso



04 MARZO
Pérez&Fernández...



09 MAR A 11 ABR
Expo 100 anos bandeira...



11 MAR A 11 ABR
Expo Alberto Gende



11 MARZO
Caldo




17 MARZO
Atalaya Teatro



20 MARZO
Pedras de cartón




25 MARZO
Redrum Teatro



27 MARZO
Condetrespés



22 ABRIL
Colectivo Glovo



23 ABRIL
Fran Seira Cía. Danza



30 ABRIL
Janet Novás



06 MAIO
Otra Danza



08 MAIO
DA.TE Danza



**#CULTURA
CON FORZA**